



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 11 de novembro de 2020**

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 4 de novembro de 2020.
2. Declárase deserto o contrato de “Subministro e instalación do alumeadado de Nadal no Concello de Marín”.
3. Dáse conta da resolución de pagamento do 50% inicial da subvención correspondente ó programa “O teu primeiro emprego” nos concellos 2020, da Deputación de Pontevedra.
4. Dáse conta da autorización para o reinvestimento da baixa xerada no Plan Concellos 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, por importe de 15.079,50 euros, con destino ó financiamento do investimento “Substitución de varanda de ponte sobre o río Loira”, cun orzamento polo mesmo importe.
5. Dáse conta da concesión de subvención, por importe de 14.944,71 euros, con destino ó investimento “Reforma da instalación de produción de acs na piscina municipal da Raña”, con cargo ó Plan Concellos 2020, da Deputación de Pontevedra.
6. Concédese licenza de obras para a realización dun muro de contención de terras entre parcelas, da parcela sita en Vista Alegre, nº 22.
7. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Acórdase o inicio do expediente de contratación para a “Adquisición de equipamento para o impulso da administración dixital”. Esta actuación está cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), cunha taxa de cofinanciamento do 80% dentro do programa operativo plurirrexional de España 2014-2020, enmarcado dentro da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) Marín 2020.
2. Dáse conta da revogación parcial de subvención concedida para a contratación temporal de persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia, por importe de 2.322,90 euros, da Consellería de Emprego e Igualdade.
3. Concédese licenza para a legalización de obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar illada existente sita en Cidrás, nº 15, Marín.

A ALCALDESA,
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400063DB600Q9R4E2Y9V7M5 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20200409014
	BLANCA ANA ROIG SÁNCHEZ-Secretaría Xeral - 12/11/2020 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/11/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/11/2020 11:36:19	Fecha: 12/11/2020 Hora: 11:36

